

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 17

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA CORRESPONDENTE Ó MES DE AGOSTO que terá lugar o día 13 de SETEMBRO de 2004, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Acta anterior. (Sesión ordinaria 28.06.04)
- 2.- Corrección acta correspondente ó Pleno do 31.05.04, aprobada en sesión do 26 de xullo.

URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

- 3.- Corrección de erro material no plan parcial Quirós. Expte. 5254/411.
- 4.- Ampliación de prazo para resolver no expediente para a declaración de nulidade do acordo plenario do 27 de novembro de 1992, sobre convenio de cesión para vial de circunvalación concluído con "Miraflores Vigo, S.A." e determinación das indemnizacións procedentes. Expt. 4490/401.

XESTIÓN MUNICIPAL

- 5.- Indemnización substitutiva por importe de 14.552,90 € a favor de "Estudio A. Moreno, S.L." en concepto de asistencia técnica para a dirección das obras do proxecto de humanización da rúa Fragoso. Expte. 31911/250.
- 6.- Indemnización substitutiva a favor de Servicios Hípicos Hipigal, S.L., por importe de 90.000 €. Expte. 4715/333.
- 7.- Dar de alta no Inventario municipal de bens e dereitos o local sito na rúa Otero Pedrayo, núm. 5. Expte. 60/244.
- 8.- Aprobación inicial da alteración da natureza xurídica da planta 2ª do edificio núm. 7 da Praza da Princesa. Expte. 17022/240.
- 9.- Nomeamento de membros do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo. Expte. 1184/110.
- 10.- Nomeamento de representantes da Corporación para a Comisión de valoración de selección dun axudante técnico de Electromecánicos e un enxeñeiro técnico de obras públicas.

MOCIÓNS

- 11.- Moción do Grupo municipal do BNG sobre elaboración de programa especial de mantemento e adaptación de zonas de xogo infantil.

- 12.- Moción do Grupo municipal do BNG sobre creación dunha comisión de seguimento das obras do segundo cinto.
- 13.- Moción do Grupo municipal do BNG sobre remisión dos pregos de condicións á Comisión de Control da Contratación.
- 14.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE instando que se notifique ós grupos municipais todos os decretos ou resolucións dictados pola Alcaldía.
- 15.- Rogos e preguntas.

URXENTE:

- A.- Moción do Grupo municipal do BNG sobre a paralización do procedemento de contratación da xestión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobramento de vehículos indebidamente estacionados.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA CORRESPONDENTE O MES DE AGOSTO no salón de Plenos ás NOVE horas do día TRECE DE SETEMBRO, para resolve-los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

kv

Vigo, 9 de setembro de 2004

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Ma Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.